



## ACTA Nº 10/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

### ASISTENTES:

**Vicepresidente en funcións de Presidente:** D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

### Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D<sup>a</sup> Manuela Guillán de Dios.  
Consellería de Economía e Facenda: D. Luís E. Araújo Rodríguez.  
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: D<sup>a</sup> Camino Triguero Salas.  
Consellería de Innovación e Industria: D<sup>a</sup> Lourdes Courtier Ramos.  
Consellería de Cultura e Deporte: D. Carlos Amoedo Souto.  
Consellería de Sanidade: D. Antonio José Fernández Paniagua.  
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: D<sup>a</sup> Marta Ramos Lage.  
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: D. Jaime Baltar Tojo.  
Consellería de Traballo: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Calviño Rodríguez.

### Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Manuel Gallardo Canitrot.  
CC.OO: D. Manuel García Cendón.  
UGT: D<sup>a</sup> Rosario Valledor Puente e D. Miguel Ángel Dono Gómez.  
CSI-CSIF: D. Álvaro Fernández Baamonde e D<sup>a</sup> Carmen Noya Castro.


**Secretario:** D. Carlos Carid Fernández.

En Santiago de Compostela, sendo as 12:00 horas do día 8 de setembro de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos número 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro.** Lectura e aprobación, se procede, da acta número 9/2006, correspondente á sesión anterior.

**Punto segundo.** Proposta de Decreto polo que se modifica o Decreto 67/2006, do 27 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, ampliando o número de prazas.

O Presidente informa que escusaron a súa asistencia á xuntanza o Secretario Xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar por unha viaxe de última hora, e o Secretario Xeral da Consellería de Traballo por coincidir cun acto público ao que ten que asistir necesariamente.





**Punto primeiro. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 9/2006 correspondente á sesión anterior.**

Foi lida acta 9/2006 correspondente á anterior sesión, sendo aprobada por unanimidade.

**Punto segundo. Proposta de Decreto polo que se modifica o Decreto 67/2006, do 27 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, ampliando o número de prazas.**

\* Intervén o Presidente e informa que na proposta de decreto, conforme ao acordado na Mesa Xeral de Negociación, tódalas prazas relativas ao corpo Administrativo da Xunta, grupo C, incluíranse na convocatoria de promoción interna independente, atendendo ao importante número de persoal funcionario do corpo auxiliar que pode participar nela. No aspecto formal, modifícase a redacción do artigo segundo e a estrutura do anexo, que se trata de clarificar engadíndose as prazas de promoción interna; borrador modificado que se achegou aos membros deste órgano.

\* O representante da organización sindical CIG considera positiva a reserva das prazas do corpo administrativo para a promoción interna independente. Reitera a solicitude de que, na mencionada convocatoria de promoción, se inclúan as 22 prazas do corpo superior, grupo A, a fin de acadar unha verdadeira carreira administrativa para o persoal desta Administración, sen pretender excluír as convocatorias de acceso libre.

Por non atenderse a súa solicitude e dado que, no seu momento, foron contrarios ao desenvolvemento do plan de consolidación de emprego, do que se inclúen prazas no proxecto, votarán en contra.

\* O representante da organización sindical CC.OO. manifesta que os cambios introducidos no proxecto son positivos. Remítese a todo o sinalado na reunión da Mesa Xeral de Negociación.


Na votación sobre o texto absteranse.

\* Intervén a representante da organización sindical UGT para a que se produxo un avance ao reservar as prazas do corpo administrativo para a promoción interna. Considera positivo que remate o proceso de consolidación de emprego desenvolto no ámbito dos servizos de extinción de incendios forestais.

Por razón de congruencia coa súa posición respecto do proceso de oferta de emprego público do 2006 absteranse.

\* O representante da organización sindical CSI-CSIF manifesta que consideran positiva a modificación realizada polo que, mantendo a súa posición contraria a que se leve a cabo a ampliación da oferta, absteranse.

Intervén novamente o Presidente referíndose a que na ampliación da oferta, respecto dos corpos de administración xeral, mantense o criterio de computar postos de nivel base de cada grupo, sen prexuízo de que, para futuras ofertas, se estudien outras posibilidades.



2



A proposta de foi aprobada coa abstención das organizacións sindicais CC.OO., UGT e CSI-CSIF, e o voto en contra da CIG.

A representante da organización sindical UGT solicita que asistan ás reunións tódolos secretarios xerais.

E non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as doce horas e vintecinco minutos (12:25) do día da data.

Vº e prace,

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIÓNS  
DE PRESIDENTE**

  
José Rodríguez González



Dou fe

**O SECRETARIO**

  
Carlos Carid Fernández